



# ACHEGAS DAS MULLERES Á SUSTENTABILIDADE DO MAR





# AS **MULLERES** DAS SOCIEDADES PESQUEIRAS ESTABAN MÁIS VALORADAS QUE AS DO RURAL PORQUE TIÑAN MAIOR PRESENZA NO ÁMBITO PÚBLICO



ARQUIVO MUSEO MASSÓ REDEIRAS NO PEIRAO DE CANGAS, CARA A 1920



ARQUIVO MUSEO MASSÓ MARISCADORAS RASTREANDO AMEIXAS EN ARCADE, CARA A 1960





# REDEIRAS: UN OFICIO FEMININO CENTENARIO




ARQUIVO ASOCIACIÓN CULTURAL A CEPA (CANGAS)

REDEIRAS EN O FORTE, CANGAS, 1920



ARQUIVO ASOCIACIÓN A CEPA (CANGAS)

REDEIRAS ESTIRANDO O APARELLO PARA SECAR NO TENDAL DE RODEIRA, CANGAS 1947






# NENAS E MULLERES

## ATANDO REDES



ARQUIVO DA ASOCIACIÓN A CEPA (CANGAS)  
REDEIRAS NO PEIRAO DE CANGAS, ANOS 50



FOTÓGRAFO AFONSO FERNÁNDEZ  
ATADEIRA CONSUELO MARTÍNEZ BERNÁRDEZ, BUEU, 1997





# FERRAMENTAS DE TRABALLO DAS **MULLERES** DO MAR




ARQUIVO ATTILIO GAGGERO

A MARISCAR COS SACHOS DAS LEIRAS. PLACERES (PONTEVEDRA), CONTRA 1960



ARQUIVO ATTILIO GAGGERO

A MARISCAR COS SACHOS DAS LEIRAS. PLACERES (PONTEVEDRA), CONTRA 1960





# FERRAMENTAS DE MARISCAR




ARQUIVO FOTÓGRAFO RUBÉN RODRÍGUEZ ALONSO **CAMPAÑA.** 1983



ARQUIVO GUIMATUR

**A MARISCAR.** CAMBADOS (PONTEVEDRA), 2017





# FERRAMENTAS DE TRABALHO DAS **MULLERES** DO MAR



ARQUIVO GUIMATUR

A MARISCAR. CAMBADOS (PONTEVEDRA), 2017



ARQUIVO GUIMATUR

CARRIÑOS INNOVADORES. CAMBADOS (PONTEVEDRA), 2017






# AS MULLERES COMO MEDIO DE TRANSPORTE



ARQUIVO ATTILIO GAGGERO **DESCARGA DE SAL, PRAIA DA PESCADOIRA, BUEU (1915)**



ARQUIVO ATTILIO GAGGERO

**DESCARGANDO CROQUE EN ARCADE, CONTRA 1964**





# MULLERES FORTES QUE CARGAN E TRANSPORTAN



ARQUIVO ASOCIACIÓN CULTURAL A CEPA, CANGAS

CARGANDO ARGAZO NA PRAIA DO CANABAL, CANGAS, 1960




ARQUIVO ATTILIO GAGGERO

TRANSPORTE DE ARGAZO, O HÍO  
CANGAS, ANOS 60



ARQUIVO ASOCIACIÓN CULTURAL A CEPA, CANGAS

CARGANDO APARELLOS NO TENDAL DE ANDREITA, CANGAS, 1960





# AS **MULLERES** DAS SOCIEDADES PESQUEIRAS ESTABAN MÁIS VALORADAS QUE AS DO RURAL PORQUE TIÑAN MAIOR PRESENZA NO ÁMBITO PÚBLICO



ARQUIVO MUSEO MASSÓ DESCARGA DE PEIXE NO PEIRAO MASSÓ DE BUEU, CARA A 1920



ARQUIVO MUSEO MASSÓ REGATEIRAS VENDENDO PEIXE EN BUEU, CARA A 1920





# POXA NA LONXA A CARGO DE MULLERES



ARQUIVO ARTURO CIDRÁS

LUÍSA AGULLA DOPAZO, A DERRADEIRA DA SAGA DE SUBASTEIRAS “AS XULIANAS”,  
LONXA DE BUEU, POXA DO PEIXE, ANOS 1970



FOTÓGRAFO AFONSO FERNÁNDEZ (ARQUIVO ARTURO CIDRÁS). BUEU

REGATEIRAS CUN APARELLO DE POXAR. A SEGUNDA POLA ESQUERDA É JOSEFA LOIRA GONZÁLEZ, 2003






# MULLERES E NENAS TRABALLARON NA SALGA



ARQUIVO ATTILIO GAGGERO PERSOAL DA FÁBRICA DE SALGA, BUEU (1914)



ARQUIVO ATTILIO GAGGERO INTERIOR DA FÁBRICA DE SALGA, BUEU (1914)





# A INDUSTRIA CONSERVEIRA SUPUXO A INCORPORACIÓN DAS **MULLERES** DAS VILAS MARIÑEIRAS AO MERCADO LABORAL




ARQUIVO FAMILIA DE ATTILIO GAGGERO

FÁBRICA DE SALGADURA DE ATTILIO GAGGERO EN BUEU, 1914




ARQUIVO MUSEO MASSÓ

COLOCANDO A SARDIÑA NAS GRELLAS DE COCCIÓN NA NAVE NOVA DA FÁBRICA MASSÓ HERMANOS SA DE BUEU, CARA A 1926





# NA INDUSTRIA CONSERVEIRA O 90% É MAN DE OBRA FEMININA E OCÚPASE NOS POSTOS BASE A NAS TAREFAS PEOR PAGADAS



ARQUIVO MUSEO MASSÓ

SELECCIÓN E LIMPEZA DA SARDIÑA NA FÁBRICA VELLA DE CONSERVAS MASSÓ HERMANOS SA DE BUEU, CARA A 1920




ARQUIVO MUSEO MASSÓ

CADEA DE ENLATADO DO PEIXE NA FÁBRICA MASSÓ HERMANOS SA DE CANGAS, CARA A 1950



ARQUIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL A CEPA (CANGAS)

SECCIÓN DE COCCIÓN DA CONSERVEIRA MASSÓ EN CANGAS NOS FORNOS DE COCCIÓN CONTINUA, PATENTADOS POR MASSÓ HERMANOS SA, CARA A 1970





# NA INDUSTRIA CONSERVEIRA O 90% É MAN DE OBRA FEMININA E OCÚPASE NOS POSTOS BASE A NAS TAREFAS PEOR PAGADAS




ARQUIVO MUSEO MASSÓ

SECCIÓN DO TALLER DE CONFECCIÓN DE LATAS DA FÁBRICA DE CONSERVAS MASSÓ HERMANOS SA DE BUEU, 1924




ARQUIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL A CEPA (CANGAS)

SECCIÓN DE ETIQUETADO DE LATAS NA FÁBRICA DA GARITA DE CANGAS, CARA A 1950





# NA INDUSTRIA CONSERVEIRA O 90% É MAN DE OBRA FEMININA E OCÚPASE NOS POSTOS BASE A NAS TAREFAS PEOR PAGADAS




ARQUIVO MUSEO MASSÓ

MESA DE ENLATADO DE LURA NA VELLA FÁBRICA MASSÓ  
HERMANOS SA DE BUEU, 1924



ARQUIVO FAMILIA ATTILIO GAGGERO

CADEA DE TRABALLO NAS MÁQUINAS PECHADORAS DE LATAS  
DA FÁBRICA ATTILIO GAGGERO DE BUEU, CARA A 1970





# NA INDUSTRIA CONSERVEIRA O 90% É MAN DE OBRA FEMININA E OCÚPASE NOS POSTOS BASE A NAS TAREFAS PEOR PAGADAS




ARQUIVO MUSEO MASSÓ

EMBALANDO AS LATAS NOS CAIXÓNS DE MADEIRA NA SECCIÓN DE EXPEDICIÓNS DA FÁBRICA VELLA MASSÓ HERMANOS SA DE BUEU, CARA A 1924



ARQUIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL A CEPA (CANGAS)

ANTONIO MASSÓ CUNHA DELEGACIÓN DE EMPRESARIOS NA FÁBRICA MASSÓ HERMANOS SA DE CANGAS, CARA A 1955





# A EMPRESA MASSÓ HERMANOS SA DESTACOU POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS PARA AS **EMPREGADAS** DAS SÚAS FÁBRICAS




**MUSEO MASSÓ**

**EXPOSICIÓN PERMANENTE DO MUSEO MASSÓ  
SECCIÓN DEDICADA Á CLÍNICA DA FÁBRICA MASSÓ HERMANOS SA DE BUEU**



**ARQUIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL A CEPA (CANGAS)**

**INTERIOR DA GARDERÍA DO COMPLEXO INDUSTRIAL MASSÓ HERMANOS SA DE CANGAS, 1956**






# A EMPRESA MASSÓ HERMANOS SA DESTACOU POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS PARA AS **EMPREGADAS** DAS SÚAS FÁBRICAS



ARQUIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL A CEPA (CANGAS)


COIDADORAS COAS FILLAS E FILLOS DAS EMPREGADAS DA CONSERVEIRA NA GARDERÍA  
DO COMPLEXO INDUSTRIAL MASSÓ HERMANOS SA DE CANGAS, 1957





# ÁNGELES ALVARIÑO GONZÁLEZ




Unha oceanógrafa recoñecida mundialmente



**Ángeles Alvariño González** (Serantes, Ferrol, 1916-La Jolla, California, 2005) foi unha prestixiosa investigadora mariña recoñecida internacionalmente.

A súa carreira científica comezou no Instituto Español de Oceanografía (1948-1957) e desenvolveuse no Reino Unido e nos Estados Unidos, fundamentalmente na Scripps Institution of Oceanography (1958-1969) e no Southwest Fisheries Research Center (1970-1987), ambos en La Jolla. Despois da súa xubilación, en 1987, continuou traballando e publicando como investigadora emérita.

Con máis de 100 traballos científicos de primeiro nivel en revistas e libros de distribución internacional, as súas investigacións máis relevantes centráronse no estudo dos quetognatos, animais mariños planctónicos que, tal e como demostrou Ángeles Alvariño, poderían empregarse como indicadores fiables de condicións oceanográficas determinadas. Foi, polo tanto, unha pioneira neste campo.




Ao longo das súas investigacións descubriu e describiu 22 novas especies planctónicas mariñas (12 quetognatos, 9 sifonóforos e 1 medusa) en mares de todo o mundo.

Os seus traballos de investigación recibiron un enorme recoñecemento internacional, incluso se considerou que estaba entre os 50 mellores científicos dos Estados Unidos do século XX.

Foi incluída na *Encyclopedia of World Scientist* (Oakes, 2007), que recolle a quen se considera que fixo as mellores achegas científicas a nivel mundial de todos os tempos, uns 1.000 nomes. De procedencia española soamente son Severo Ochoa, Santiago Ramón y Cajal e Ángeles Alvariño.

**Texto de Alberto González-Garcés**





# AIDA FERNÁNDEZ RÍOS

(Vigo, 1947-2015)

Pioneira na investigación do aumento dos niveis de dióxido de carbono no océano debido á acción humana

Foi unha oceanógrafa recoñecida internacionalmente con excepcionais calidades sociais. En 1972, cando as mulleres eran minoría no mundo científico, incorporouse ao Instituto de Investigacións Pesqueiras como axudante de laboratorio, compaginando este traballo coa formación académica. Entre os seus artigos científicos hai varios de referencia mundial.

O seu interese principal, con gran visión de futuro, centrábase nos cambios físico-químicos no mar e a súa repercusión no planeta. A primeira campaña oceanográfica realizouna en 1974, no Cornide de Saavedra, con outra compañeira e 19 homes. En 1988 dirixiu por primeira vez unha campaña internacional. Participou en 30 máis no Atlántico e tamén en tres campañas transoceánicas internacionais no programa World Ocean Circulation Experiment 1992-2000, co que realizou a primeira avaliación global dos niveis de CO<sub>2</sub> antropoxénico.



Desenvolveu tres proxectos europeos ata 2014, no marco do proxecto CARbon IN the Atlantic, incorporando as medidas de CO<sub>2</sub> de forma autónoma en buques comerciais. Dirixiu a campaña FICARAM XV en 2013 para avaliar a acidificación do Atlántico nas dúas últimas décadas.

Galega Destacada en 2001 pola súa carreira científica, foi a primeira muller que dirixiu o IIM-CSIC, entre 2006 e 2011. En xuño de 2015 foi nomeada académica da Real Academia Galega de Ciencias, a terceira muller en logralo. Un tráxico atropelo puxo fin á súa vida en 2015.

Texto de Fiz Pérez Fernández

